


Entrevista de Montse Dopico a Baltasar Patiño en PRAZA.gal sobre PUSSY CAKE
venres 10, febreiro 2023

"Non traballo para cumprir expectativas, nin para dar sosego, nin para provocar"



Andrea Dunia, na estrea de Pussy Cake, de Matarile Teatro © Manuel Silva / Matarile Teatro

As cousas acontecen a un ritmo brutal en Pussy Cake, o espectáculo que Baltasar Patiño montou a partir dos autorretratos de Francesca Woodman. Sobre o escenario ou, no patio de butacas, as intérpretes son pura enerxía mentres as luces e a música se suceden, tamén, frenéticas. Potentes. Sen transición. Patiño crea, coa axuda de Rut Balbís e Nuria Sotelo nas coreografías, un dispositivo escénico que transformou o Teatro Principal de Santiago noutra cousa na que todo podería suceder. Sen ataduras conceptuais. Mais cunha forza, a xerada polo traballo das bailarinas, que pode interpretarse como un movemento máis alá do apoderamento feminino. Porque, que pasará cando o machismo quede tan atrás que só quede rir dos machirulos? Ou cando o corpo sexa exposto, tamén para o goce, mais sen que caiba unha lectura patriarcal? Falamos con Baltasar Patiño.

O punto de partida foi o traballo de Francesca Woodman?


Traballar co que Francesca Woodman nos deixou era un proxecto que eu tiña na cabeza desde hai dez ou doce anos. Eu veño dun cambio moi grande na miña vida e decidín facer un espectáculo pola miña conta. A idea era levar o traballo de Woodman ao autorretrato, dándolle a volta tamén ao mundo das cam girls. Francisca Woodman está considerada a inventora do selfie. Eu quixen mesturar isto co porno, pero no proceso de creación a parte máis hiperporno foi desaparecendo, polo que quedou algo moito menos explícito. Preferín suprimir esa parte máis explícita para materializala no corpo de Andrea Dunia. Ela está nun momento profesional no que lle apetecía facer un traballo na línea deste. Os dous tivemos que

aprender a dialogar sobre como traballar co corpo para este espectáculo. E de feito temos intención de continuar, de facer unha secuela de Pussy Cake.

Como foi a escolla das intérpretes?

“Non é nada que non se teña feito antes, pero segue a ser un tema delicado”

Dunia está nun momento no que, como dicía, lle apetecía facer un traballo con este grao de exposición. Que non é nada que non se teña feito antes, pero segue a ser un tema delicado. Alexandra Balboa incorporouse unha semana despois de comezar. Alexandra ten un percorrido xa bastante longo e é unha bailarina moi reactiva. Raquel Esteller é potencia pura. Faloume dela Mónica García. Ademais, é algo estraño, pero houbo como catorce ou quince encontros entre elas antes de xuntarnos nós. Fomos construíndo todo por partes. Ademais eu asumo moitas cousas: os vídeos, a produción de son, a iluminación, o espazo escénico, a creación e a dirección... Foi duro, e emocionante, poder xuntar todas as pezas. Houbo, por exemplo, momentos coreográficos deseñados para unha bailarina aos que se incorporou outra bailarina...



'Pussy Cake', de Matarile Teatro, no Principal de Compostela © Manuel Silva

Comezastes polos vídeos? Son o que recolle máis directamente o traballo de Francesca Woodman.

Ao principio non había tanto vídeo pero despois, no proceso, apareceron máis. Hai varios vídeos feitos cos seus materiais. Ela tamén documenta o seu propio traballo, polo que hai un vídeo de minuto e medio sobre iso. Toda a parte de vídeos vouna colgar, ademais, no web. Porque, por moito que busques a excelencia, os vídeos sempre sofren en escena. Entre os vídeos que apareceron despois está por exemplo o que mestura a Francesca con Alicia no país das marabillas, porque a min paréceme que parte das fotos de Francesca están baseadas en Alicia.

O dispositivo lumínico foi creado para este espectáculo. Probablemente sexa o espectáculo de Matarile no que a luz é máis protagonista, sendo sempre importantísima.

**“Eu paseino moi ben porque
fixen o que me apetecía facer,
cun equipo novo de intérpretes formidables
coas que aprendín moito a moitos niveis”**

Neste momento teño a luz como a un 40%. Teño que seguir traballando nela, retocándoa. Eu paseino moi ben porque fixen o que me apetecía facer, cun equipo novo de intérpretes formidables coas que aprendín moito a moitos niveis. Pero si que é certo que o meu traballo en Matarile ata agora fora máis de contención. Aquí fago o que quería facer desde hai tempo: luz, son a un nivel de volume moi alto, con case ausencia de texto... Pero si, tiven as miñas limitacións á hora de crear, por falta de tempo, polo que teño as luces a un 40 ou 50%. Porque é un traballo moi complexo para o que necesito moito tempo de preparación. Precisaría dedicarlle quince días, oito horas diarias...

E non tiveches entón tempo suficiente para a estrea no Teatro Principal de Santiago?

No Principal tivemos tres días de residencia técnica, o cal é un regalo. Igual que as coreógrafas, Nuria Sotela e Rut Balbís, traballaron con cada bailarina, coas luces hai que facer igual. Tiven unha semana na Sala Artika de Vigo para traballar só coas luces. E si, é un dispositivo feito moi a medida. A música está alta porque eu quería que o estivese. Non quería promediar o son. Por iso damos tapóns para os ouvidos.

Eu non os precisei. É música industrial, noise rock e hip hop. Sons urbanos, actuais... E moi enérxicos.

**“Ningunha das intérpretes ensina
nin un centímetro de pel que
non queira ensinar. A a exposición
de Dunia, nese aspecto, é a de
máis risco. De feito, estou preparando
unha contracrítica da crítica”**

En Matarile son eu quen fai normalmente a selección musical. Viña de Inloca, e aínda que en Inloca podía haber algo do son de Pussy Cake, quería darlle unha volta. Hai dous momentos máis tranquilos, máis poéticos, en canto a son e luz, en Pussy Cake. Pero eu si quería unha música moi enerxética. Tamén quería facer algo coas letras, que xa non me deu tempo a traducir a galego. Pero eu sei o que din todas, e son importantes. Ademais, teño a impresión de que a obra de Francesca se mostra moitas veces cunha música demasiado tranquila.

Ela tería agora a miña idade, 60 anos. E eu vexo as súas fotos, en branco e negro, moi potentes. Ás coreógrafas tamén lles dei a elixir entre varias músicas. Non quixen impoñer nada, senón estar aberto ao que elas quixesen achegar. Da mesma maneira, ningunha das intérpretes ensina nin un centímetro de pel que non queira ensinar. A a exposición de Dunia, nese aspecto, é a de máis risco. De feito, estou preparando unha contracrítica da crítica. Non estou disposto a aceptar valoracións morais. E que me digan que son un home dirixindo tres mulleres non é máis que unha obviedade. Ou que me digan que non cumpo as expectativas ou que produzo desasosego. Eu non traballo para cumprir expectativas nin para dar sosego. Nin para provocar, que sería moito máis fácil. Eu creo que fixemos algo serio, elegante, moi coidado, con delicadeza, aínda que sexa duro.



'Pussy cake', de Matarile, no Principal de Santiago © Manuel Silva

Pódese interpretar que elas están enfadadas. Ou máis ben, quizais, que están de volta de todo. Da obxectualización por parte dos homes. E que por iso rin deles. Reapropiándose do discurso deles sobre os seus corpos para transgredilo mofándose del.

Eu levo moitos anos traballando con mulleres. Non acabo de comezar agora. E creo que a lectura que fas pode saír da enerxía que desprenden elas. Foi así sobre todo no segundo día de espectáculo no Principal. O primeiro día sempre tes as dificultades da estrea. O segundo día cremos que foi máis potente, e máis controlado. Elas están moi contentas co resultado e eu estou moi contento desa enerxía tan especial que xurdiu un escena.

O día anterior eu díxenlles: baixade ao patio de butacas e agarrádevos ás butacas para que o público sinta a forza que levades. Porque as bailarinas están rompendo en dous, e iso non se ve. Os bailaríns sorrín diante do público, pero rompen entre caixas: están dobrados, case sen respirar, e precisan poñer xeo ou unha crema...,

como vin tantas veces. Balboa, de feito, estaba lesionada desde o último ensaio. Eu quería que o público sentise a potencia delas, que elas movesen as butacas...

Por que decidiras, nun principio, xuntar a idea do selfie coa do porno caseiro?

Ao principio tiñamos, como dicía antes, vídeos moi explícitos de mozas cámara, pero ao final aparece só un, e só se ve a súa cara ampliada, non o seu sexo. Chegou un momento en que dixen: non, isto non funciona, polo que eliminei as partes máis explícitas e centreime máis no directo, na maneira de crear a enerxía e a forza que quería. A xente non ía pagar unha entrada para ver vídeos porno, e ademais non tiña sentido poñer vídeos do que podíamos facer moito mellor en directo.

Hai un personaxe híbrido que está feito cunha máscara de goma. Fai moitas cousas no espectáculo, como rir da masculinidade hexemónica falando de testículos que chegan ao chan. Ou facer grafiti insistindo no mesmo discurso punk.

“É certo que hai moitas cousas que mirar á vez. Pero é que o teatro contemporáneo é así”

Por aí vai, si. Nós chamámoslle Mario. Usamos un filtro para transformar a voz de Dunia na dun home. Mario é un bicho en construción do que faremos unha secuela. Ao principio ía ter moitos máis elementos. A melena, as tetas postizas... Ao final quedaron a máscara de goma, os tacóns e o traballo de Dunia, nada máis. Neste espectáculo para min tamén era importante facer que o Teatro Principal non parecese o Teatro Principal, que é difícil. O chan é o de Inloca posto do revés.

E eu fixen un traballo, cos técnicos do teatro, que nos trataron moi ben, de gañar espazo de cinco en cinco centímetros. Foi difícil, pero creo que o conseguimos. Mario é, como dicía, a desmontaxe. Démonos conta de que nos sobra case todo, neste tempo no que temos unha ansiedade por ser modernos a toda costa. Despois, é certo que hai moitas cousas que mirar á vez. Pero é que o teatro contemporáneo é así. Polo que é razoable que sexa así. A Mario imos levalo a un espazo máis performativo como podería ser unha discoteca ou un museo.

Nin o texto, nin o concepto, son a base deste espectáculo. En Matarile o texto, no sentido da reflexión teórica, adoita ser moi relevante.

“Non quería estar atado a un concepto previo. Só quería unhas liñas básicas”

O texto tardou en aparecer. Queríamos facer o traballo desde outros lugares. Podes partir dunha idea que non sexa un concepto. Quero dicir que non quería estar atado a un concepto previo. Só quería unhas liñas básicas. Así pasou co porno: toda esa parte deixou de repente de ter sentido. E todo concepto pode acabar coas cousas, pero isto que acabo de dicir tamén é só unha visión miña, un tanto provocativa. Pero traballamos nos ensaios, coa música, coas intérpretes... Non é que non houbera

guión, que si había un guión escrito, pero era un guión de ideas, máis que de conceptos. Tamén a música ten un tipo de sonoridade determinada, intervida por min. É música tratada, producida por min para xerar unhas sensacións determinadas.

Como querías que fose a relación co público? É doado que se manteña á expectativa, e sorprendido, durante toda a obra. Pasan moitas cousas en pouco tempo.

A min sorprendeume a reacción do público. Pensei que parte do mesmo podería marchar. Para min Pussy Cake é unha performance longa. Non é teatro nin danza. Está entre o teatral e o performativo. E paréceme formidable que non marchase ninguén, aínda que, se pasase, eu asumírao. Penso que os espectadores están dispostos a quedar alí, que queren saber o que vai pasar despois. A idea era que fose todo moi rápido, que houbera esa intensidade, sen transicións, a ritmo rápido, de xeito que cando rematase algo xa comezaba o seguinte.



Parte da representación de 'Pussy cake' baixa ao patio de butacas © Manuel Silva

Hai unha bóla de discoteca bastante espectacular.

Leva moito tempo comigo. Xa estaba en Daimon, pero non colgada do teito. Paréceme unha horterada do máis marabilloso. E era unha forma de iluminar o espectador dun xeito non agresivo. É unha bóla espectacular, dun metro cúbico.

Querías, supoño, facer un espectáculo basicamente plástico e performativo. Interpretábelo, en canto ao subtexto, de distintas maneiras.

“Paréceme moi cutre que me digan que son un señor entre un grupo de mozas”

E ademais non quixen impoñer nada ás actrices. No sentido de: non me preguntes, gústache bailar iso? Pois faino. Tiña a Raquel e a Dunia, e Balboa é intermedia entre as dúas. Un día pedinlles a Balboa e a Rut unha coreografía máis sensual. Eu son, obviamente, un home que estaba traballando con mulleres, e tiña iso todo o tempo na cabeza. Estabamos traballando con esa coreografía e pregunteille a ela: se quixeses seducir unha muller bailarías así? Ela respondeu que si, por suposto. E eu quedei tranquilo. Quitoume os prexuízos que eu mesmo me puxera. E, non sei, pérceme moi cutre que me digan que son un señor entre un grupo de mozas. Dunia respondeu a un crítico que o único machista que había era o machismo do propio crítico.

Que críticas houbo ao respecto?

Houbo críticas, si. A Dunia interesáballes o tema do espido e ese nivel de exposición do corpo. Ela non está ensinando o seu sexo porque teña que vivir, senón porque quere ir e ensinalo nun escenario porque ela o decide, que non é o mesmo. E se é así non sei por que alguén pode ter algo que dicir. En Homes Bisagra tiña dous homes nus todo o tempo en escena e ninguén fixo este tipo de comentarios.

Hai algunha conexión máis entre Homes Bisagra e este espectáculo. O corpo, moitas veces nu, sempre estivo moi presente en Matarile. Homes Bisagra tamén tiña moito de música, performance e luces. Cunha formulación tamén plástica e pouco textual.

Si, ben... Homes Bisagra foi un proxecto falido. Non había orzamento, polo que non fixen o que quería facer a varios niveis. E é unha produción que se moveu, que levou premios... No caso de Pussy Cake si había un soporte económico, pero tamén moita complexidade.

